

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- ¿Como te comunicas? Nesta unidade falarase das funcións propias da linguaxe. Tamén se traballarán as distintas relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos e os cambios nos significados. No tocante a reflexión sobre a lingua, verase o grupo nominal e o grupo adxectivo.
- Bla, bla, bla. Como o ser humano é, por natureza, un ser social que se relaciona a través do intercambio de información, dedicaremos esta unidade aos textos dialogados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e a súa adecuada produción e comprensión, tanto oral como escrita. Tamén abordaremos os seguintes contidos literarios relacionados con dous xéneros nos que a presenza do diálogo é inherente: teatro e narración. No tocante a reflexión lingüística centraremos o noso interese en dúas categorías: determinantes e pronomes.
- I mos co verbo. Esta unidade dedicáremola a revisar unha categoría gramatical complexa como é o verbo.
- Un mundo curioso. Esta unidade estará dedicada á expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos, xa que estes teñen unha presenza constante na actividade académica. Esta tipoloxía textual é esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística, etc. Antes de entrar a traballar con textos farase un breve repaso do uso dos signos de puntuación, así como dos procedementos de cohesión léxica, xa que son dous contidos imprescindibles tanto para comprender como para producir distintos tipos de textos.
- Poesía e emocións. Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, aprofundando na importancia dos seus recursos expresivos e na construción da linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimentos. No tocante a reflexión lingüística verase o relacionado coas categorías gramaticais do adverbio, a preposición e a conxunción. Aproveitarase dita reflexión para introducilos no manexo adecuado dos distintos conectores textuais.
- ¿A qué xogamos? Nesta unidade explicaremos os distintos procedementos de formación de palabras. Traballaremos coas distintas modalidades oracionais e faremos una introducción de cara o curso que vén sobre sintaxe: suxeito e predicado, tipos de suxeito, relación entre esquema sintáctico e semántico na oración simple. O vocativo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como te comunicas?	Nesta unidade fálase das funcións propias da linguaxe. Tamén se traballarán as distintas relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos e os cambios nos significados. No tocante a reflexión sobre a lingua, verase o grupo nominal e o grupo adxectivo.	15	19	X		
2	Bla, bla, bla	Como o ser humano é, por natureza, un ser social que se relaciona a través do intercambio de información, dedicaremos esta unidade aos textos dialogados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e a súa adecuada produción e comprensión,	15	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Bla, bla, bla	tanto oral como escrita. Tamén abordaremos os seguintes contidos literarios relacionados con dous xéneros nos que a presenza do diálogo e inherente: teatro e narración. No relativo á reflexión lingüística centraremos o noso interese en dúas categorías: determinantes e pronomes.	15	20	X		
3	Imos co verbo	Esta unidade didáctica abordará o estudo das principais características formais do verbo	15	12		X	
4	Un mundo curioso	Esta unidade estará dedicada á expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos, xa que estes teñen unha presenza constante na actividade académica. Esta tipoloxía textual é esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística, etc. Antes de entrar a traballar con textos farase un breve repaso do uso dos signos de puntuación, así como dos procedementos de cohesión léxica, xa que son dous contidos imprescindibles tanto para comprender como para producir distintos tipos de textos.	15	20		X	
5	Poesía e emocións	Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, aprofundando na importancia dos seus recursos expresivos e na construción da linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimentos. No relativo á reflexión lingüística verase o relacionado coas categorías gramaticais do adverbio, a preposición e a conxunción. Aproveitarase dita reflexión para introducilos no manexo adecuado dos distintos conectores textuais.	20	15			X
6	A que xogamos?	Esta unidade didáctica está centrada na palabra: os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, a utilización de afixos para a mudanza de categoría... Farase recoñecemento das distintas modalidades oracionais e unha introdución aos distintos tipos de suxeitos. Tamén traballaremos a distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas), e estudaremos a relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.	20	19			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como te comunicas?	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Proba práctica na que o alumnado deberá amosar a súa comprensión da lectura realizada a partir de preguntas sobre o contido e, de ser o caso, sobre a forma e sentido da obra.	PE	80
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos, etc. para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais traballadas na aula.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumno explicará, como mínimo, a forma e a funcións dos sustantivos e adxectivos na lingua. Deberá ser quen de identificalos en textos literarios ou non e de recoñecer a finalidade do seu uso en función do tipo de texto de que se trate. Debe usar para elo a metalinguaxe específica.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as variedades dialectais do castelán.	TI	20
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Iniciará unha aproximación ás linguas de signos.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumno é quen de resolver conflitos entre iguais usando estratexias basadas no diálogo. Deben traballar conxuntamente na procura do consenso cando sexa necesario.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ás linguas de signos. - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	Bla, bla, bla	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado terá que elaborar borradores e presentar textos dialogados escritos nos que representen as características propias do diálogo narrativo traballado na aula. Deben ser quen de integrar dito diálogo nunha trama narrativa tanto en estilo directo como indirecto.	PE	80
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	No caso dos textos dialogados, o alumnado ten que revisar con especial atención o uso correcto dos signos de puntuación, dos tempos verbais e do uso dos deícticos para diferenciar claramente o diálogo en estilo directo do diálogo en estilo indirecto.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a forma e a función dos determinantes e dos pronomes na lingua. Deberá ser quen de identificalos en textos, literarios ou non, e de recoñecer a finalidade do seu uso en función do tipo de texto de que se trate. Debe empregar para elo a metalinguaxe específica.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos orais breves, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.	TI	20
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto dialogado e a súa información máis importante. Os textos seleccionados para traballar serán diálogos narrativos, teatrais, das redes sociais, etc.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar activamente nas distintas fases de elaboración dun proxecto: selección, procura de información e elaboración.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora a e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	O alumnado ten que recoñecer o tema e as ideas principais de textos alleos e ser quen de achegar a súa propia opinión sobre os mesmos de xeito crítico e construtivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Nas distintas probas escritas que se fagan o alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumando participará activamente na lectura en voz alta de diálogos de tipo variado (planificados e espontáneos), establecendo conexións entre os textos traballados e o seu uso diario da modalidade textual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas. - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. <ul style="list-style-type: none"> - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.

Contidos

- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
3	Imos co verbo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de: - Identificar as distintas formas verbais. - Explicar o uso do modo e do aspecto. - Empregar de xeito axeitado as formas non persoais. - Diferencia entre verbos regulares, irregulares e defectivos	PE	80
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a forma e a función dos verbos na lingua. Deberá ser quen de identificalos en texto e de recoñecer a finalidade do seu uso en función do tipo de texto de que se trate. Debe usar para elo a metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado deberá ser quen de escoller os tempos e modos verbais máis adecuados á tipoloxía textual, diferenciando os distintos tipos de pretéritos. Tamén terá que demostrar que é capaz de distinguir os usos inapropiados do infinitivo e do pret. perfecto simple.	TI	20
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios. Terá que amosar interese en mellorar a corrección gramatical das producións persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
4	Un mundo curioso	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo e a información máis importante.	PE	80
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá recoñecer os procedementos expositivos máis habituais: definicións, enumeración de propiedades, exemplificacións e analoxías.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado prestará especial atención á adecuación (registro), o respecto polas convencións dos textos expositivos, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Partindo da lectura dunha obra completa o alumnado deberá demostrar a comprensión da mesma, facendo ademais unha valoración persoal sobre a lectura.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante de textos orais e multimodais.	TI	20
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos expositivos breves, o alumnado será quen de detectar usos estereotipados ou discriminatorios da linguaxe, así como a fiabilidade do exposto.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos expositivos.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa sobre asuntos da vida cotiá.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá ser capaz de detectar e valorar criticamente os usos discriminatorios e manipuladores que desde distintos medios (medios de masas e redes sociais) empregan para manipular a verdade. Porén tamén debe ter capacidade de reflexión acerca das fake news.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos expositivos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar activamente nas distintas fases de elaboración dun proxecto cuxo fin é a exposición oral: procura de información (discriminando as fontes), selección e elaboración final a expor perante os demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados nos que expliquen a cuestión tratada de forma clara e ordenada. Empregando para elo de xeito adecuado os signos de puntuación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Os textos expositivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico de introdución, desenvolvemento e conclusión, cunha ordenación lóxica dos contidos (estrutura analizante ou sintetizante).		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá verificar o uso da terceira persoa, o predominio do presente de indicativo, o uso habitual das oracións impersonais e atributivas, así como o emprego recorrente da coordinación.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos, etc. para evitar repeticións, fará uso tamén dos elementos cohesivos estudados que evidencien unha correcta organización do contido (sexa oral ou escrito)		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Na elaboración do proxecto trimestral, o alumnado ten que aplicar correctamente os coñecementos previos, discriminar a información útil, organizala de forma crítica e presentala cunha perspectiva persoal.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado será capaz, como mínimo, de establecer a estrutura dun texto expositivo e de identificar a súa tipoloxía en función do emprego de recursos lingüísticos variados (subordinación, linguaxe técnica ou emprego de distintos procedementos como a definición, explicación ou enumeración).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.

Contidos

- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.
- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
 - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
 - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
 - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
 - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
 - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
5	Poesía e emocións	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Nas distintas probas escritas que se fagan o alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos.	PE	84
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Partindo da lectura dunha obra completa o alumnado deberá identificar os tópicos literarios, localizar os principais recursos expresivos empregados e facer unha análise da lectura empregando a reflexión.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado será capaz de establecer unha relación entre as eleccións lingüísticas e o propósito comunicativo de distintos textos, con especial atención aos líricos. Tamén deberá, como mínimo, establecer unha relación entre o uso de recursos literarios e o efecto que estes producen no receptor.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a forma e a función dos adverbios, preposicións e conxuncións na lingua. Deberá identificalos en textos e recoñecer a finalidade do seu uso en función do tipo de texto de que se trate.	TI	16
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumno amosará a súa competencia para valorar tanto a forma elixida polo autor dun texto como o contido do mesmo, aplicando unha perspectiva crítica.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectando as opinións alleas e será quen de expoñer con claridade as súas achegas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Cada alumno contribuirá con dous textos a unha antoloxía poética que conteña os poemas máis representativos dos gustos literarios del alumnado do grupo. Esta escolma será comparada despois cos textos representativos de distintas épocas.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumnado participará activamente no obradoiro de recitación, establecendo conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumno será capaz de relacionar os textos en relación co emprego de tópicos literarios e estruturas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria líricos respectando as convencións do xénero e empregando con eficacia os principais recursos literarios.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía, redundancia, falta de concordancia e uso indebido dos signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.

Contidos

- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
6	A que xogamos?	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Proba práctica na que o alumnado deberá amosar a súa comprensión da lectura realizada a partir de preguntas sobre o contido e, de ser o caso, sobre a forma e o sentido da obra.	PE	80
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumno distinguirá entre forma e a función das palabras. Formación de palabras. Tipos de suxeito. Relación de concordancia co verbo. Esquema semántico e sintáctico da oración simple. Uso da terminoloxía sintáctica necesaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	O alumno ten que saber elaborar esquemas, resumos, mapas conceptuais... Para elo deberá saber facer uso de recursos en rede, así como de distintos programas que lle axuden no estudo e organización.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. O noso enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Isto atópase con un gran atranco: os rapaces chegan a segundo da ESO con moi poucas capacidades adquiridas, dado que chegan de primaria en cueiros. Intentaremos, pois, deseñar unha metodoloxía activa a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Dita metodoloxía atópase cunha gran dificultade: a ratio coa que traballamos na aula. É evidente para calquera que exerza a docencia que atender a 30 alumnos por aula dificulta e, literalmente impide, atender a diversidade do alumnado. Aínda así e na medida do posible faranse propostas

individualizadas para aqueles alumnos con maior dificultade: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es
Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complec.htm>
Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de tres partes: un texto con preguntas sobre o mesmo (tipo test, de comprensión textual...). Unha segunda parte sobre ortografía e unha terceira sobre gramática. Estas dúas últimas avalían os coñecementos dos contidos curriculares básicos da materia a nivel de 1º de ESO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	80	80	80	80	84	80	81
Táboa de indicadores	20	20	20	20	16	20	19

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

A nota final de cada avaliación será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes:

- 70% da nota: probas escritas que valorarán a adquisición dos contidos teóricos da materia, así como a aplicación práctica dos mesmos.
- 10%: proba escrita na que demostre a súa comprensión lectora sobre unha obra de lectura.
- 10%: participación nas actividades didácticas de aula, interese, aplicación e traballo diario na aula e na casa que será comprobado coas distintas taboas de indicadores máis a observación directa do profesor.
- 10%: traballo individual ou en grupo relacionado coa materia. Deberá ser exposto oralmente. Este traballo deberá axustarse ás indicacións dadas polo docente. En caso de que non fose posible a súa realización por motivos organizativos, este 10% podería ser adxudicado a criterio do profesor previa información ao alumnado.

A cualificación final obtense a partir da aplicación das

seguintes porcentaxes:

- 30% para a primeira avaliación
- 30% para a segunda avaliación
- 40% para a terceira avaliación

Crterios de recuperación:

En caso de non superar algunha avaliación, o alumnado disporá de exames de recuperación que versarán sobre a teoría e a aplicación práctica dos contidos da materia (70% de la nota). Ademais, deberá demostrar, ao longo do curso, interese por mellorar no 30% restante: demostración da lectura dos libros establecidos para cada trimestre, realización de exposicións, entrega de textos e interese amosado en facer as cousas ben, no só en facelas. A nota final será a media do obtido nos catro apartados.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

O alumnado que pase a terceiro coa materia pendente recibirá, en cada avaliación, a cualificación obtida no boletín de notas. Dita cualificación será o resultado da realización dunha proba de avaliación por trimestre.

Os exames realizaranse, en horario de tarde, ás 16.30 as seguintes semanas :

1. Última semana de novembro
2. Última semana de abril
3. Última semana de... (por determinar)

Dado que a lei no o contempla, no haberá proba extraordinaria en xuño.

A nota final será a media aritmética dos tres exames considerándose a materia como recuperada se a nota é igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de

equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa. Con todo cómpre matizar que unha cousa é o que di a lei e outra moi distinta o que realmente se pode chegar a facer nas aulas. Como docente debo dicir que facer realidade a atención individualizada en grupos de trinta adolescentes é, senón imposible, si moi complicado e altamente improbable. Con todo, e sempre desde a vontade de atender o mellor posible a cada un dos nosos alumnos vamos establecer unhas medidas ou metodoloxías que nos permitan intentar abordar con algunha garantía a diversidade das nosas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta, na medida do posible, os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, artellarase o traballo empregando distintos soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno.
- Deseño de agrupamentos flexibles de reforzo destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X					
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable						X
ET.3 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Formación estética		X			X	
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes				X		X
ET.6 - Respetto mutuo e cooperación entre iguais		X				
ET.7 - Liberdade de expresión	X				X	

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.		X	
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.		X	
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.			X
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.	X	X	X

Observacións:

Ademais do anteriormente citado, que se levará a cabo en función do ritmo de aprendizaxe do alumnado, tamén se realizará unha saída ao teatro, coa finalidade de achegar dito xénero aos rapaces máis novos. Desenvolverase no segundo trimestre.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.

Clima de traballo na aula

Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adaptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados